



Requisitos mínimos de benestar animal nas explotacións de vacún en relación ás obrigas de vixilancia do titular da explotación (RD 346/2025)

En función do descrito nos reais decretos 1047/1994, 348/2000, 1053/2022 e 159/2023, nas páxinas que seguen enumero os requisitos mínimos de benestar animal en vacún para avaliar nas visitas zoosanitarias, con base en tres aspectos fundamentais: manexo e instalacións, prohibicións e limitacións de manexo, e manexo específico de xatos.

José Antonio Fernández García

Doutor veterinario

Vogal do Ilustre Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo

Veterinario da Cooperativa Aira

No Real Decreto (RD 346/2025), no artigo 3, apartado 2, establécese a obrigatoriedade do titular da explotación de cumprir os requisitos sanitarios conforme ao anexo III do devandito RD; no apartado 2 dese anexo fai referencia ao benestar animal.

No **artigo 4** referente ao contido e frecuencia das visitas zoosanitarias, no **apartado 1, a)** dinos que o profesional veterinario efectuará de xeito presencial unha visita á explotación gandeira, co obxecto de avaliar, polo

menos, os requisitos sanitarios incluídos no anexo III do RD 346, entre os que caben destacar aspectos de sanidade, hixiene, bioseguridade, manexo, benestar, uso de medicamentos, condicións de aloxamento, condicións ambientais etc. No **apartado 1, c)** indica que o veterinario realizará un informe cos principais achados da visita, onde nos indica que nas recomendacións do veterinario se terá en conta o estado sanitario e de benestar dos animais, para emendar as deficiencias que observe.

No **artigo 5** referente ao resultado das visitas zoosanitarias, o veterinario que realiza as visitas debe elaborar un informe no que se inclúan os resultados da visita, con relación a unha serie de aspectos: no apartado 1, e) indícase o benestar animal.

No **artigo 5, apartado 5**, e na disposición final primeira do RD 346, dinos que a autoridade competente poderá esixir por motivos sanitarios, á vista dos resultados da visita zoosanitaria, que se elabore nun determinado prazo un plan de benestar



animal específico para a explotación, de acordo co artigo 3, c) do RD 348/2000 e punto 1 do anexo II do RD 348:

- Descrición das condicións estruturais e ambientais da explotación.
- Avaliación dos factores de risco para o benestar animal incluíndo o risco de desastres naturais (inundacións, terremotos, incendios...), de acordo coas características do lugar onde se atopa a explotación.
- Plan de acción con medidas a adoptar sobre os riscos identificados.

Se a AC determina que cómpre implementar o plan de benestar animal nunha explotación segundo o artigo citado anteriormente, este plan formará parte do contido mínimo do Sistema Integral de Xestión de Explotacións Gandeiras bovinas, tal e como recolle o artigo terceiro do RD 344/2025 que modifica o anexo III do RD 1053/2022.

Na disposición final sétima do RD 346/2025 suprímese o apartado b do artigo 1 e o artigo 3 do RD 159/2023 onde se establece a obriga do titular



O veterinario e o gandeiro están a revisar o estado da forrage. É importante que os animais teñan unha dieta segundo as súas necesidades fisiolóxicas e produtivas, con fácil acceso aos alimentos

► A ELABORACIÓN DO PLAN DE BENESTAR NON É OBRIGATORIA, SALVO QUE O DETERMINE A AUTORIDADE COMPETENTE SEGUNDO OS TERMOS ESPECIFICADOS NO ARTIGO 5, APARTADO 5 E NA DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA DO RD 346/2025

da explotación de ter un plan de benestar animal e a obriga por parte do veterinario de explotación de elaborar o plan de benestar animal.

A conclusión de todo o argumento indícanos que a elaboración do

plan de benestar non é obrigatoria, agás que o determine a autoridade competente segundo os termos especificados no artigo 5, apartado 5 e na disposición final primeira do RD 346/2025. ►►

RumenYeast®

Doble modulación:
ruminal e intestinal



¡El verano ya está aquí, y RumenYeast®
es la herramienta para ayudar a que
su ganado se refresque!



Conoce más sobre
RumenYeast®

Barentz.

Distribuidor exclusivo
en España y Portugal
Barentz Iberia
Calle Venezuela 103 1 planta 1-2
08019 - Barcelona | +34 628 709 951

www.iccbrazil.com
rumenyeast.com

• • • • • [iccanimalnutrition](https://www.iccanimalnutrition.com)

ICC
Adding value to nutrition

► OS CITADOS REQUISITOS PODEN SER SIMPLIFICADOS OU AMPLIADOS, E ADAPTADOS A CADA EXPLOTACIÓN BOVINA EN PARTICULAR, TENDO EN CONTA O ARTIGO 3 DO RD 1053/2022 SOBRE A CLASIFICACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS DE GANDO BOVINO E O ARTIGO 1 DO MESMO RD



Os equipos automáticos ou mecánicos que sexan indispensables para a saúde e o benestar dos animais débense inspeccionar todos os días

En calquera caso, as obrigacións referentes a aspectos de benestar animal que se recollen na lexislación vixente seguen a ser de obrigado cumprimento, e para iso temos os seguintes RD:

RD 159/2023: controis oficiais en materia de benestar animal

- Disposición final primeira: modificación do RD 1047/1994 relativo ás normas mínimas de protección de xatos.

RD 1053/2022: normas básicas de ordenación das granxas bovinas

- Artigo 7: requisitos de benestar nas explotacións bovinas: os apartados 1, c), 1, d) e 3, e) entran en vigor o 9 de marzo de 2027, o apartado 1, a) entra en vigor o 1 de xaneiro de 2028 para as explotacións semiextensivas e non extensivas do grupo II e para o 1 de xaneiro de 2025 para as do grupo III e IV. O resto dos apartados están en vigor.

RD 348/2000: protección dos animais nas explotacións gandeiras

- Artigo 3: obrigas dos propietarios ou criadores
- Anexo I

RD 1047/1994: normas mínimas de protección de xatos

- Artigos 3 e 4
- Anexo

REQUISITOS MÍNIMOS DE BENESTAR ANIMAL PARA AVALIAR NAS VISITAS ZOOSANITARIAS

Daquela, en función do descrito nos RD 1047/1994, 348/2000, 1053/2022,

159/2023, imos establecer uns requisitos mínimos de benestar animal no vacún para avaliar nas visitas zoosanitarias. Como é lóxico, estes requisitos poden ser simplificados ou ampliados, e adaptados a cada explotación bovina en particular, tendo en conta o artigo 3 do RD 1053/2022 sobre a clasificación das explotacións de gando bovino e o artigo 1 do mesmo RD, onde se establecen as exencións de aplicación de determinados artigos do RD.

A) Manexo e instalacións da granxa

- Os animais serán coidados por un número suficiente de persoal que posúa a capacidade, os coñecementos e a competencia profesional axeitada.
- En instalacións permanentes han de ter unha cama cómoda, limpa e seca. A zona da cama non pode ter enreixado.
- O deseño das instalacións e o manexo permitirán que os animais gocen de confort térmico e protección fronte ás inclemencias do tempo, dispoñan de espazo que lles permita moverse libremente e que as concentracións ambientais de gases, po, circulación de aire, temperatura e humidade dos aloxamentos non sexan prexudiciais para os animais.
- No caso de estaren atados, deben dispor do adecuado espazo para as súas necesidades fisiolóxicas, os accesorios que se utilicen para atar non deben ter bordos afiados que poidan causar feridas.
- A explotación debe ter os sistemas necesarios para un manexo adecuado

e seguro dos animais, que estarán deseñados e construídos de tal forma que permitan a realización das actuacións sanitarias ou calquera outra actividade que requira o manexo ou a inspección dos animais coas debidas garantías de seguridade.

- Na construción deben empregarse materiais que non sexan prexudiciais ao animal, que poidan limparse e desinfectarse adecuadamente.
- Os animais non poden estar na escuridade permanente nin expostos a unha luz artificial intensa de forma continua. O nivel de iluminación, natural ou artificial debe ser suficiente para permitir un comportamento etolóxico normal.
- As instalacións e equipos deben estar limpos, deseñados para evitar traumatismos e minimizar o risco de enfermidades, evitar esquinas angulosas e arestas vivas.
- Os equipos automáticos ou mecánicos que sexan indispensables para a saúde e o benestar dos animais débense inspeccionar todos os días, e as deficiencias observadas débense solucionar de inmediato.
- Os chans deben ser non esvaradíos, cunha adecuada evacuación de feces e oruíños, poden ser enreixados ou perforados cunha superficie plana e estable, non abrasivos.
- Debe existir un lazareto para enfermos e parideiras en número adecuado ao tamaño da granxa.
- O espazo dispoñible para o gando aloxado en grupo debe ter en conta o número de animais, o seu peso vivo, o seu comportamento e a presenza ou ausencia de cornos. ►►

DAIRY COMPASS®

TECNOLOGÍA Y DATOS AL SERVICIO DE TU FUTURO

Dairy Compass® es la **herramienta** con la que nuestro equipo técnico es **capaz de analizar** de forma conjunta con el ganadero y en tiempo real los **datos de su explotación** para impulsar el crecimiento y la eficiencia.

- **Monitorización diaria** de los rendimientos.
- Conocimiento de la **evolución de las decisiones**.
- Nutrición y asesoramiento **más preciso y personalizado**.
- Análisis constante para **mayor eficiencia y rentabilidad**.



Descubre más
en nuestra
página web
www.deheus.es

► OS EQUIPOS PARA FORNECER ALIMENTOS E AUGA DEBEN MANTERSE LIMPOS PARA EVITAR A TRANSMISIÓN DE XERMES E TAMÉN DEBEN ESTAR DESEÑADOS PARA EVITAR A COMPETENCIA ENTRE ANIMAIS

Hai que evitar sempre o exceso de animais, o cal levaría a un aumento da interacción hostil ou agresividade entre eles, o que incrementaría o estrés, con todas as consecuencias que isto leva.

- O espazo e deseño dos cubículos debe permitir que o animal poida manterse de pé, tombarse sobre un chan uniforme e erguerse de forma adecuada.
- O número de animais aloxados non superará o número de cubículos nin de prazas de alimentación; neste último caso, a menos que haxa alimento ad libitum ou outro sistema que evite situacións de competencia e estrés.
- Os animais deben ter unha dieta segundo as súas necesidades fisiolóxicas e produtivas, con fácil acceso aos alimentos. Deben ter acceso á auga en cantidade e calidade adecuada de forma continua.
- Os equipos para fornecer alimentos e auga deben manterse limpos para evitar a transmisión de xermes e tamén deben estar deseñados para evitar a competencia entre animais.
- Os animais serán inspeccionados polo menos unha vez ao día; todo animal que pareza enfermo ou ferido recibirá inmediatamente tratamento apropiado e, se é preciso, consultarase ao veterinario.
- A sala de espera para o muxido e o acceso á sala de muxido deben estar deseñados para garantir o confort dos animais, asegurando o

espazo suficiente por animal e as condicións adecuadas de mobilidade, ventilación e temperatura, de modo que se minimicen o estrés e as lesións.

- Os equipos de muxido deben manterse en bo estado de limpeza e de conservación.

B) Prohibicións e limitacións de manexo

- Prohíbese a amputación do rabo e mutilación da lingua.
- Permitirase, baixo a actuación veterinaria con analxesia e anestesia, o descornado por ablación cirúrxica e o desabotoamento por ablación cirúrxica ou por cauterización de animais de máis de 4 semanas de idade, así como a castración de machos e femias e vasectomía.
- Permítese realizar por unha persoa formada o desabotoamento por cauterización química ou por queimaduras, de animais de menos de 4 semanas de idade, así como a colocación de aneis.
- Prohíbese o uso de aparellos de descargas eléctricas; no entanto, o uso de cercados eléctricos tradicionais, así como os aparellos que fornecen descargas eléctricas estarán permitidos nos termos establecidos pola normativa europea. A AC poderá autorizar o uso de aparellos que produzan descargas eléctricas nos seguintes casos: **amestrar os animais durante o período mínimo para iso, obter seme ou manter os animais nun espazo determinado.** Non estará permitido o seu uso en femias xestantes e durante o período perinatal. Un profesional veterinario supervisará as condicións e parámetros

de uso dos equipos, incluíndo o axuste para cada animal se fose necesario. **(Entra en vigor o 9 de marzo de 2027, RD 1307/2024).**

- Prohíbese atar o rabo das vacas de forma permanente.

C) Manexo específico de xatos

- Os xatos de máis de 8 semanas de idade non se manterán en recintos individuais, salvo recomendación veterinaria.
- O aloxamento individual dos xatos deben ter tabiques perforados para facilitar o contacto visual e táctil entre os lindeiros.
- As medidas do recinto individual dos xatos han de ter unha anchura polo menos igual á altura á cruz e unha lonxitude polo menos igual á lonxitude desde o nariz á cola multiplicado por 1,1.

Estes tres anteriores puntos non se aplican ás explotacións de menos de 6 xatos, nin aos xatos mantidos coas súas nais para o seu amamentamento.

- En xatos por grupos as superficies necesarias son as seguintes: 1,5 m² por animal para pesos vivos menores de 150 kg, 1,7 m² para pesos de 150 a 220, e de 1,8 m² para pesos vivos de máis de 220 kg.
- O aloxamento do xato debe permitir que se poidan deitar e levantar sen problemas.
- O illamento, a calefacción e a ventilación do edificio garantirán que a circulación do aire, o nivel de po, a temperatura e a humidade relativa e a concentración de gases se manteñan dentro dos límites que non sexan prexudiciais para os xatos. ►►



O espazo e deseño dos cubículos deben permitir que o animal poida manterse de pé, tombarse sobre o chan uniforme e erguerse de xeito adecuado

AMPLA GAMA DE PRODUTOS PARA UN **MELLOR RENDEMENTO DA TÚA PRADEIRA**

GALICAL

CALES E CARBONATOS AGRÍCOLAS

Para reducir o efecto limitante do pH e controlar o aluminio nas terras de cultivo **é recomendable aplicar emendas calcarias ou magnésicas.**

ESTENDIDO REGULADO POR GPS



- **EMENDA CALCARIA, CAL VIVO GRANULADO** (90 % CaO)
Alta porcentaxe en calcio. Valor neutralizante: 90 %
- **EMENDA CALCARIA, CAL VIVO GRANULADO DOLOMÍTICO**
(35 % MgO / 60 % CaO)
Alta porcentaxe de magnesio. Valor neutralizante: 95 %
- **EMENDA CALCARIA, CAL VIVO** (80 % CaO)
Gran poder de neutralización. Valor neutralizante: 80 %
- **EMENDA CALCARIA, CAL APAGADO** (65 % CaO)
Potencia o rendemento agrícola. De fácil asimilación.
Valor neutralizante: 65 %
- **EMENDA CALCARIA, CAL APAGADO + DOLOMÍA**
(53 % CaO / 23 % MgO)
Achega magnesio. Favorece a actividade clorofílica da planta.
Valor neutralizante: 83 %

- **EMENDA CALCARIA, CARBONATO CÁLCICO** (56 % CaO)
Para terra e camas hixiénicas. Eficaz na redución de mamites ambientais e dermatites. Apropiado para a produción de todo tipo de pensos. Valor neutralizante: 56 %
- **EMENDA CALCARIA DE CARBONATO CÁLCICO MAGNÉSICO, GALIMAG** (33 % CaO / 17 % MgO)
Achega magnesio. Valor neutralizante: 60 %
- **EMENDA CALCARIA, GRANICAL G60 SUPRA** (54 % CaO / 1 % MgO)
Fácil aplicación e asimilación. Valor neutralizante: 56 %
- **EMENDA CALCARIA, GRANICAL G60 PLUS** (47,35 % CaO / 6 % MgO)
Fácil aplicación e asimilación con achega de magnesio.
Valor neutralizante: 59 %

Transporte a calquera punto de España e Portugal



EN VÍDEO

ENCALADO AGRÍCOLA · ENVASADO DE CALES E DOLOMÍAS · ALIMENTACIÓN ANIMAL · CAMAS DE VACÚN



GALICAL CALES E CARBONATOS AGRÍCOLAS SL

📍 R/ Gallastegui Unamuno. Vial G - N.º 7 Polígono Industrial As Gándaras 27003 Lugo

☎ 982 221 484

✉ info@galical.es



www.galical.es

- Todos os equipos automáticos ou mecánicos indispensables para a saúde e o benestar dos xatos inspeccionaranse polo menos unha vez ao día. Cando se descubran deficiencias, emendaranse de inmediato ou, de non ser posible, adoptaranse as medidas necesarias para protexer a saúde e o benestar dos xatos ata que a deficiencia fose remediada. Cando se utilice un sistema de ventilación artificial, disporase dun sistema de substitución adecuado para garantir a suficiente renovación do aire para salvagardar a saúde e o benestar dos xatos no caso de que se avaríe o devandito sistema, así como dun sistema de alarma que advirta da avaría ao gandeiro.
- Non se manterán os xatos permanentemente na escuridade, a este respecto e co fin de atender as súas necesidades fisiolóxicas e de comportamento, disporase dunha iluminación adecuada natural ou artificial, equivalente, polo menos, no segundo caso, ao tempo de iluminación natural dispoñible entre as 9 e 17 horas. Disporase dunha iluminación adecuada (fixa ou móbil) que posúa a suficiente intensidade para poder inspeccionar os xatos en calquera momento.
- Todos os xatos estabulados deberán ser inspeccionados polo propietario ou o responsable dos animais, polo menos dúas veces ao día, e os mantidos no exterior, como mínimo, unha vez ao día. Os que parezan estar enfermos ou feridos recibirán o tratamento adecuado, e deberase consultarlle ao veterinario no caso de que o animal non responda os coidados do gandeiro.
- Non se deben atar os xatos, excepto os aloxados en grupo por períodos máximos dunha hora no momento de darlles de mamar, as ataduras non deben causar feridas e deben estar ben axustadas para evitar danos.



► TODOS OS XATOS ESTABULADOS DEBERÁN SER INSPECCIONADOS POLO PROPIETARIO OU POLO RESPONSABLE DOS ANIMAIS POLO MENOS DÚAS VECES AO DÍA, E OS MANTIDOS NO EXTERIOR, COMO MÍNIMO, UNHA VEZ NO DÍA

- Os equipos e utensilios deben limparse e desinfectarse diariamente para evitar infeccións.
- As feces, ouriños e alimentos non consumidos deben retirarse coa maior frecuencia posible para evitar cheiros desagradables, moscas e roedores.
- Os chans do aloxamento non deben ser esvaradíos, non terán asperezas. A zona de descanso debe estar ben encamada, seca e comfortable.
- Todos os xatos deben recibir o costro canto antes, a poder ser antes das 6 horas de vida, nunha cantidade estimada ao redor do 10-12 % do seu peso vivo.
- Todo xato recibirá unha alimentación adecuada á súa idade, peso e necesidade fisiolóxica e de comportamento, para ese efecto a dieta diaria incluírá unha dose

suficiente de ferro para garantir un nivel de hemoglobina en sangue de, polo menos, 4,5 mmol/l e proporcionaráselle a cada xato de máis de 2 semanas unha ración diaria mínima de fibra. **Non se lles porán boceiras aos xatos.**

- Cando os xatos estean aloxados en grupo e non sexan alimentados a vontade ou por un sistema automático, cada xato terá acceso ao alimento ao mesmo tempo que os demais.
- A partir das 2 semanas de idade todos os xatos deben ter acceso a auga fresca adecuada, distribuída en cantidades suficientes.
- Os equipos para a subministración de alimentos e auga estarán concibidos, construídos, instalados e mantidos de tal xeito que se reduza ao mínimo o risco de contaminación dos alimentos e da auga destinada aos xatos. ■



HEPIZOVAC

PRIMERA Y ÚNICA VACUNA QUE PREVIENE LA VIREMIA

EHE BOVINO

Vacuna
inactivada
Serotipo 8



Dosis:
4 ml



Primovacunación:
Dos dosis
(separadas 3 semanas)



Presentaciones:
100 ml y 252 ml

HEPIZOVAC suspensión inyectable para bovino.

Composición por dosis (1 ml): Virus inactivado de la enfermedad hemorrágica epizootica (VEHE), serotipo 8, $10^{5.5}$ DICC₅₀. **Indicaciones y especies de destino:** Para la inmunización activa de bovino para prevenir la viremia causada por el serotipo 8 del virus de la enfermedad hemorrágica epizootica. **Vía de administración:** Subcutánea. **Posología:** **Dosis:** 4 ml. **Pauta de vacunación:** Primovacunación: A partir de 2 meses de edad. Administrar dos dosis de 4 ml por vía subcutánea con un intervalo de 3 semanas. Revacunación: No establecida. **Contraindicaciones:** Ninguna. **Precauciones:** Conservar y transportar refrigerado (entre 2°C y 8°C). No congelar. Proteger de la luz. **Tiempo de espera:** Cero días. Medicamento sujeto a prescripción veterinaria. **Titular de la autorización:** CZ Vaccines S.A.U. A Relva s/n-Torneiros. 36410 O Porriño. Pontevedra. **Reg. N°:** EU/2/25/341/001-003

En caso de duda consulte a su veterinario

vêtia[®]

A COMPANY OF ZENDAL GROUP

VETIA ANIMAL HEALTH, S.A.U. C/Teide, n° 4. 28703 San Sebastián de los Reyes - Madrid

✉ info@vetia.es
☎ (+34) 910 901 526
🏠 www.vetia.es